

Fundamentos de Administración e Xestión

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos como no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo.

Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final.

Promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido.

Impulsarásese á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.

A materia estrutúrase en nove bloques:

- "Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa",
- "A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos",
- "Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa",
- "O plan de aprovisionamento",
- "Xestión comercial e márketing na empresa",
- "Xestión dos recursos humanos",
- "Xestión da contabilidade da empresa. Investimento e xestión financeira",
- "Viabilidade da empresa" e
- "Presentación da idea de negocio".